

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3770 *ORDE PRE/572/2006, do 28 de febreiro, pola que se desenvolve o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, regulador do sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior dos Estados membros da Unión Europea e outros Estados partes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que exigen unha formación mínima de tres anos de duración, no que afecta ás profesións cuxa relación corresponde ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. («BOE» 53, do 3-3-2006.)*

O Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, (Boletín Oficial del Estado do 22 de novembro), modificado polo Real decreto 1754/1998, do 31 de xullo; Real decreto 411/2001, do 20 de abril, e Real decreto 1171/2003, do 12 de setembro, regula, en aplicación do establecido na Directiva 89/48/CEE, do Consello das Comunidades Europeas, o sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior dos Estados membros da Unión Europea que exigen unha formación mínima de tres anos de duración.

As normas de transposición contidas no mencionado Real decreto 1665/1991 permiten que os nacionais dos Estados membros da Unión Europea con cualificacións profesionais obtidas noutro Estado membro, análogas ás que se exigen en España para exercer unha actividade regulada, poidan acceder a ela no noso país nas mesmas condicións que os que obtivesen un título español.

De acordo co disposto no citado Real decreto 1665/1991, compételle ao Ministerio de Industria e Enerxía a verificación da correspondencia entre os títulos que permiten en España o acceso ao exercicio das profesións de físico, químico, enxeñeiro industrial, enxeñeiro de minas, enxeñeiro naval, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico de minas, enxeñeiro técnico naval e técnico de empresas e actividades turísticas e os obtidos noutros Estados comunitarios por aqueles nacionais de países membros que soliciten exercer en España a mesma actividade, así como a regulación dos oportunos mecanismos de compensación previstos para aqueles casos en que a formación adquirida noutro Estado membro comprenda materias substancialmente diferentes ás exixidas en España ou non exista correspondencia entre as actividades profesionais.

A Orde do 2 de outubro de 1995 (Boletín Oficial del Estado do 7 de outubro) desenvolve o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, regulador do sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior dos Estados membros da Comunidade Europea, que exigen unha formación mínima de tres anos de duración, no que afecta ás profesións mencionadas no parágrafo anterior.

O Real decreto 553/2004, do 17 de abril, de reestruturación dos departamentos ministeriais (Boletín Oficial del Estado do 18 de abril), suprime o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e crea o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, correspondendo a este ministerio as competencias ata o de agora atribuídas ao Ministerio de Economía, a través das Secretarías de Estado de Comercio e Turismo e de Enerxía, Desenvolvemento Industrial e da Pequena e Mediana Empresa, con excepción das correspondentes á Dirección Xeral de Financiamento Internacional e as relativas a prezos, peaxes e incentivos rexionais. Asumirá, igualmente, as materias atribuídas ao Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, por medio da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información. O Real decreto 1554/2004, do 25 de xuño (Boletín Oficial del Estado do 26 de xuño), polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria,

Turismo e Comercio e, en concreto, o seu artigo 11.1.o), que atribúe á Secretaría Xeral Técnica a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de recoñecemento de títulos profesionais, expedidos polos Estados membros da Unión Europea e demais Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, no que afecta ás profesións que se relacionan co departamento, de acordo coa normativa específica na materia, e, máis en concreto, o artigo 11.2.g), que atribúe á Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza as funcións descritas no número 1, alínea o) do mencionado artigo 11.

A Directiva 2001/19/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2001, trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 1171/2003, do 12 de setembro (Boletín Oficial del Estado do 19 de setembro), incide na mobilidade dos profesionais no ámbito dos Estados membros da Unión Europea ou partes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, modificando a Directiva 89/48/CEE, primeira do sistema xeral, na cal introduce, dunha parte, o concepto de «formación regulada», que se recolleu por primeira vez na Directiva 92/51/CEE, segunda do sistema xeral e, doutra parte, a posible dispensa da proba de aptitude, cando, en principio, esta sexa procedente.

A reestruturación ministerial producida como consecuencia do Real decreto 553/2004, do 17 de abril, e a transposición da Directiva 2001/19/2003, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2001, en virtude do Real decreto 1171/2003, do 12 de setembro, o cal establece na súa disposición derradeira primeira que «corresponde aos ministros coproponentes deste real decreto, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto nel», fan necesaria a aprobación desta orde que, á vista de tales modificacións, instrumento o procedemento a que se deberá adaptar a tramitación dos expedientes de solicitude de recoñecemento de títulos.

Na súa virtude, de acordo coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro e a disposición derradeira primeira do Real decreto 1171/2003, do 12 de setembro, oídos os colexios profesionais ou consellos xerais afectados, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Educación e Ciencia, dispoño:

Primeiro. *Obxecto.*—O obxecto desta orde é o desenvolvemento do Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, polo que se regula o sistema xeral de recoñecemento dos títulos de ensino superior dos Estados membros da Unión Europea e outros Estados partes no Espazo Económico Europeo, suscrito o 2 de maio de 1992 e ratificado por España o 26 de novembro de 1993, que exigen unha formación mínima de tres anos de duración, no que se refire ás profesións de físico, químico, enxeñeiro industrial, enxeñeiro de minas, enxeñeiro de telecomunicación, enxeñeiro naval, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico de minas, enxeñeiro técnico de telecomunicación, enxeñeiro técnico naval e técnico de empresas e actividades turísticas e do Real decreto 1171/2003, do 12 de setembro, no que modifica aquel.

Segundo. *Ámbito de aplicación.*

1. A tramitación das solicitudes de recoñecemento de títulos de ensino superior dos Estados membros da Unión Europea e outros Estados partes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que exigen unha formación mínima de tres anos de duración e facultan para o exercicio dunha profesión regulada, cuxa resolución corresponda ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, rexerese polo disposto no Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, e na presente orde.

2. As solicitudes a que se refire o número anterior terán por obxecto o recoñecemento de que os títulos expedidos noutros Estados membros a nacionais de países da Unión Europea e outros Estados partes no Espazo Económico Europeo se corresponden, segundo os casos, cos que permiten en España o exercicio das profesións de físico, químico, enxeñeiro industrial, enxeñeiro de minas, enxeñeiro de telecomunicación, enxeñeiro naval, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico de minas, enxeñeiro técnico de telecomunicación, enxeñeiro técnico naval e técnico de empresas e actividades turísticas, así como a habilitación dos posuidores dos respectivos títulos para o exercicio das correspondentes actividades profesionais.

Terceiro. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento de recoñecemento iniciárase mediante solicitude do interesado, dirixida ao titular da Subsecretaría de Industria, Turismo e Comercio, segundo o modelo que se publica como anexo da presente orde. Este modelo de solicitude estará dispoñible na páxina web do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. As solicitudes poden ser presentadas no Rexistro Xeral do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto. *Solicitudes de recoñecemento.*

1. As solicitudes de recoñecemento de títulos expedidos noutros Estados membros deberán acompañarse da seguinte documentación:

Título ou diploma de formación académica de nivel superior e título profesional, de ser o caso.

Certificación académica dos estudos realizados polo solicitante para a obtención do título, en que conste a duración destes en anos académicos e as materias cursadas e, cando proceda, da súa carga horaria lectiva, desagregada en teórica e práctica, así como, de ser o caso, das materias específicas superadas para a obtención do título profesional.

Cando o título ou diploma de formación fose expedido nun Estado membro da Unión Europea en que estea regulada a profesión do solicitante, deberá constar na certificación que a formación se adquiriu principalmente na Unión. No suposto de que o Estado membro de orixe que regula a profesión recoñecese o título expedido nun país terceiro, xuntarase a acreditación polo dito Estado membro de que o titular ten unha experiencia profesional mínima de tres anos.

Cando no Estado membro que expedise o título non se regule a profesión correspondente, xuntarase documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, de ter exercido a profesión no dito Estado ou outro comunitario que tampouco a regule, durante dous anos, a tempo completo, no curso dos dez anteriores. Non obstante, non se exixirán os dous anos de experiencia profesional mencionados no parágrafo anterior, cando o título ou títulos de formación do solicitante sancionen unha formación regulada, tal e como esta se define no artigo 1.º f) do Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, en redacción dada polo Real decreto 1171/2003, do 12 de setembro.

Currículo profesional, de ser o caso.

Documento oficial vixente acreditativo da identidade e nacionalidade do solicitante.

Así mesmo, poderase requirir a presentación de certificación da autoridade competente do país de orixe, na cal se acredite que o solicitante é un profesional que cumpre os requisitos exixidos pola Directiva 89/48/CEE para exer-

cer a profesión regulada e que non está inhabilitado para ela.

2. Os documentos expedidos polo Estado membro de orixe deberán ir acompañados da correspondente tradución oficial para o idioma español.

Quinto. *Formalidades da documentación.*—Os documentos orixinais poderán acompañarse da súa fotocopia e seranlles devoltos aos interesados unha vez comprobada a súa autenticidade. Se a fotocopia estivese xa cotexada polas representacións diplomáticas ou consulares de España no país de onde procede o documento ou por outra persoa ou entidade que teña atribuídas facultades para facer constar a súa autenticidade, non será necesaria a presentación simultánea do orixinal.

Non se exixirá legalización por vía diplomática nin apostila do Convenio da Haia aos documentos expedidos polas autoridades dos Estados membros da Unión Europea ou demais Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

Sexto. *Instrución.*

1. O exame da documentación achegada será realizado pola Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para efectos do recoñecemento do título para o exercicio da respectiva profesión en España.

2. Se a solicitude ou a documentación presentadas resultasen incompletas ou non reunisen os requisitos establecidos na presente orde, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para emendar as deficiencias. De non se emendaren no prazo indicado estas deficiencias, considerarase que o solicitante desistiu e o subdirector xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio resolverá o arquivo da solicitude, notificándollo ao interesado mediante resolución expresa.

3. No suposto de que se aprecie a existencia en España doutra profesión máis acorde coa formación do solicitante, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza notificaralle esta circunstancia ao interesado, no prazo de trinta días desde a presentación da súa documentación completa, co fin de que poida modificar a súa solicitude, para efectos do exercicio da profesión que corresponda. En tal caso, o solicitante disporá do prazo de quince días para manifestar se renuncia á súa anterior solicitude, mediante escrito dirixido ao secretario xeral técnico do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, entendéndose que a mantén, en caso de que transcorra este prazo sen efectuar a renuncia.

Sétimo. *Tramitación das solicitudes.*

1. Completada a documentación, solicitaranse, de ser o caso, segundo proceda, informes dos centros directivos da Secretaría Xeral de Industria, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información e da Secretaría Xeral de Turismo, así como, excepcionalmente, do Ministerio de Educación e Ciencia e do Colexio Profesional ou Consello Xeral que corresponda, para efectos de comparar a formación exixida en España coa recibida polo solicitante e o ámbito de actividades profesionais para que faculta o título nun ou noutro Estado membro. A comparación realizarase sobre a base das materias consideradas fundamentais para o exercicio de cada profesión.

2. Os informes pronunciaranse nun dos seguintes sentidos:

a) Favorable ao recoñecemento do título, para efectos profesionais.

b) Exixencia da superación dunha proba de aptitude ou dun período de prácticas.

c) Desfavorable ao recoñecemento do título, coa debida motivación.

3. Antes de formular a proposta de resolución, procederá ao trámite de audiencia establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que non será inferior a dez días nin superior a quince.

Oitavo. *Resolución.*

1. As solicitudes de recoñecemento resolveráas o titular da Subsecretaría do Departamento, que decidirá motivadamente nun dos sentidos seguintes:

a) O recoñecemento directo do título, para efectos profesionais, quedando o titular habilitado para o exercicio en España das correspondentes actividades.

b) Exixencia da superación dunha proba de aptitude ou dun período de prácticas. Neste caso, indícaranse as materias non cubertas que deben ser obxecto da citada proba, así como as modalidades e duración do período de prácticas proposto.

c) A desestimación da solicitude.

2. Nos casos en que se considere necesaria a imposición de medidas compensatorias, a que se refire a alínea b) anterior, a autoridade competente analizará, antes de adoptar unha resolución definitiva, se os coñecementos adquiridos polo solicitante no transcurso da súa experiencia profesional compensan total ou parcialmente as materias non cubertas pola formación recibida polo solicitante.

3. Cando se dite a resolución á que se refire a alínea b) do número 1. será necesario que o interesado, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, manifeste a súa decisión de someterse a unha proba de aptitude ou realizar un período de prácticas nos termos que, respectivamente, se regulan nos números seguintes e a que supere a citada proba ou período de prácticas que, en todo caso, se realizará por instancia do interesado.

Noveno. *A proba de aptitude.*

1. No prazo dun mes a partir da presentación do escrito do interesado en que solicite a proba de aptitude, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza notificaralle ao solicitante a súa admisión á proba, indicando o período de tempo en que esta terá lugar, sen que este se poida iniciar antes de tres meses nin despois dun ano desde a recepción da notificación. No mesmo prazo fixado para a notificación, a dita unidade administrativa remitirá ao órgano a que se refire o seguinte punto, a información pertinente para que poidan efectuar as propostas de nomeamento dos vogais da Comisión de Avaliación. Estas propostas, xunto coa información necesaria, serán enviadas á corporación profesional que corresponda, con antelación non inferior a un mes sobre a data en que poida ter lugar a proba de aptitude, o que constará en xustificante de recepción. No escrito de remisión sinalarase un prazo non inferior a dez días para emitir consultas sobre o nomeamento de membros da Comisión de Avaliación e para propor un representante da corporación na dita comisión.

2. A proba de aptitude, que consistirá nun exame sobre os coñecementos profesionais do solicitante, versará exclusivamente sobre as materias non cubertas pola formación recibida por el e cuxo coñecemento sexa esencial para o exercicio da profesión en España. Tamén poderá incluír o coñecemento da deontoloxía aplicable ás actividades da profesión.

Décimo. *A Comisión de Avaliación.*

1. A Comisión de Avaliación da proba de aptitude terá como funcións o deseño do exame en que consiste

tal proba e, en vista do resultado, a valoración positiva ou negativa da aptitude do solicitante para o exercicio profesional en España.

2. A Comisión de Avaliación, que dependerá da Secretaría Xeral Técnica, estará composta polos seguintes membros:

O presidente, que será o secretario xeral técnico e poderá ser substituído polo subdirector xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza.

O secretario, que será designado polo secretario xeral técnico entre os funcionarios da Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza.

Dous vogais, funcionarios do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que estean en posesión da titulación que habilita en España para o exercicio da profesión obxecto da solicitude, designados por proposta do órgano superior do departamento cuxas funcións estean máis estreitamente vinculadas coas materias obxecto de coñecemento da titulación solicitada.

Un vogal proposto pola Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria entre funcionarios dos corpos docentes universitarios que exerzan a docencia en áreas de coñecemento relacionadas con materias obxecto da proba.

Un vogal proposto polo colexio profesional ou consello xeral correspondente de entre os seus membros.

Cada un dos centros ou corporacións sinalados propoñerá un vogal suplente para substituír o titular nos casos de ausencia ou enfermidade deste.

Os vogais da Comisión de Avaliación serán nomeados polo titular da Subsecretaría de Industria, Turismo e Comercio.

No suposto de que quince días antes da primeira data en que, de acordo co establecido no número 1 deste punto, pode ter lugar a proba de aptitude non se propuxese o vogal por parte do correspondente colexio profesional ou consello xeral, non procederá o nomeamento do citado vogal.

3. Os membros da Comisión de Avaliación aos cales lles sexa de aplicación o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, poderán percibir cantidades en concepto de asistencia pola súa participación nas probas de aptitude, de acordo co previsto na citada disposición.

4. O funcionamento da Comisión de Avaliación rexeráse polo disposto, para os órganos colexiados, na citada Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O secretario da Comisión de Avaliación convocará o interesado á realización da proba de aptitude, polo menos con trinta días de antelación, anunciándolle a data, a hora e o lugar do exame e sempre no período de tempo a que fai referencia o punto noveno 1.

6. Nun prazo non superior a cinco días desde a data fixada para a proba de aptitude, o secretario da Comisión remitirá a acta en que conste o resultado desta, coa cualificación de «apto» ou de «non apto», obtida pola decisión maioritaria dos membros da Comisión, ao secretario xeral técnico, quen a elevará ao titular da Subsecretaría de Industria, Turismo e Comercio para os efectos de que dite a resolución que proceda no prazo de quince días.

Os interesados aos cales se lles notifique unha resolución desestimatoria motivada pola cualificación de «non apto» poderán repetir a proba por unha soa vez, dentro dos dous anos seguintes. A nova proba terá lugar sen que transcorran menos de seis meses nin máis dun ano desde a data en que se solicite, mediante escrito dirixido ao secretario xeral técnico.

Para a realización da nova proba seguirase o procedemento establecido no presente punto.

Décimo primeiro. *O período de prácticas.*

1. O período de prácticas profesional, ao cal poderá optar o solicitante nos termos fixados nos artigos 1.º d) e 7.º do Real decreto 1665/1991, adaptarase a un programa específico cuxa modalidade e duración determinará a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo, en casos excepcionais, coa Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia, oída a corporación profesional de ámbito estatal correspondente.

2. No prazo dun mes a partir da data de presentación do escrito de opción do interesado en que solicite someterse a un período de prácticas, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio consultará o colexio profesional ou consello xeral que corresponda, en relación coa proposta do interesado sobre o profesional que teña que ser responsable do período de prácticas. Se no prazo de quince días a corporación consultada non efectuase a contestación, entenderase cumprida a audiencia.

Antes de que transcorran dous meses desde a presentación da solicitude polo interesado, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza notificaralle o programa e a designación do profesional responsable das prácticas. Con esta notificación comezará a contar a duración destas.

A designación a que se refire o parágrafo anterior recaerá nun titulado da correspondente especialidade, voluntariamente inscrito nunha lista para o efecto, que levará cada un dos colexios profesionais ou consellos xerais afectados. Estas corporacións deberán actualizala, polo menos anualmente, e dar coñecemento do seu contido á Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. O período de prácticas do interesado terá lugar no establecemento e baixo a responsabilidade e avaliación do profesional designado, conforme o punto anterior.

O prazo de exercicio en prácticas da profesión non poderá exceder os tres anos, como determina o artigo 1.º d) do Real decreto 1665/1991, no caso das profesións de físico, químico, enxeñeiro industrial, enxeñeiro de minas, enxeñeiro de telecomunicación, enxeñeiro naval, nin de dous anos se se trata das profesións de enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico de minas, enxeñeiro técnico de telecomunicación, enxeñeiro técnico naval e técnico de empresas e actividades turísticas.

Durante o transcurso do período de prácticas, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá acordar entrevistas co interesado e co profesional responsable ou outros medios de inspección tendentes a verificar o cumprimento do programa establecido.

4. Finalizado o período de prácticas, o profesional que fose responsable das prácticas do solicitante remitirá, no prazo dun mes, á Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, certificado acreditativo do cumprimento ou incumprimento do programa prescrito. Á vista do certificado que acredite o cumprimento do citado programa, no prazo dun mes dítase resolución de habilitación para o exercicio da actividade profesional correspondente. Se o certificado fose de incumprimento, o interesado poderá solicitar a realización dun novo período de prácticas.

Para a realización do novo período de prácticas, seguirase o procedemento establecido no presente punto.

Décimo segundo. *Recursos.*—Contra as resolucións ditas en execución da presente orde, poderase interpor

recurso de alzada ante o ministro de Industria, Turismo e Comercio.

Décimo terceiro. *Prazos.*

1. Os informes necesarios para a resolución das solicitudes deberán emitirse no prazo máximo dun mes.

2. O procedemento de exame e resolución dunha solicitude de exercicio dunha profesión regulada terá unha duración máxima de catro meses, contados a partir da presentación da documentación completa, de acordo co previsto no artigo 8.2. da Directiva 89/48/CEE.

3. As solicitudes de recoñecemento a que se refire a presente orde, nas cales non recaese resolución en prazo, poderanse entender desestimadas para os efectos de interposición do recurso que proceda, de acordo co sinalado na disposición adicional 29.ª da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación co disposto no artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Isto non exclúe o deber de ditar unha resolución expresa, tal e como se prevén no artigo 43.4 da citada Lei 30/1992.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango, no que se opoñan á presente orde e, concretamente, a Orde do 2 de outubro de 1995.

Disposición derradeira primeira. *Instrucións de aplicación.*

Autorízase o titular da Subsecretaría de Industria, Turismo e Comercio para ditar as instrucións precisas para a aplicación da presente orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de febreiro de 2006.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sr. ministro de Industria, Turismo e Comercio e Sra. ministra de Educación e Ciencia.

3874 *REAL DECRETO 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para a súa execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril. («BOE» 54, do 4-3-2006.)*

A Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases e o Real decreto 782/1998, do 30 de abril, que aproba o seu Regulamento, incorporaban ao ordenamento xurídico interno a Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, relativa aos envases e residuos de envases.

A devandita directiva tiña por obxecto harmonizar as normas sobre xestión de envases e residuos de envases dos diferentes Estados membros, coa finalidade de previr ou reducir o seu impacto sobre o ambiente e evitar obstáculos comerciais entre os distintos Estados membros da Unión Europea.